



Todo marcha sobre rodas


Graham Greene

Ilustracíons de Tony Ross

smixerme

A pequena apisoadora





SE algún día estades a piques de aterrizar no aeroporto de Londres a bordo dun deses grandes reactores modernos, isto é o que veredes cando enxerguedes o chan dende o aire. As longas liñas brancas son en realidade pistas para que os avións aterren e despeguen. E seguro que no recanto da dereita, tanto se chove como se neva ou loce o sol, poderedes ver un puntiño escuro. É a heroína desta historia. Pásade as páxinas e poderedes contemplala de preto.

No aeroporto de Londres, todo o mundo a coñece como a pequena apisoadora. O home que a conduce chámase Bill. Ás veces, o policia que vixía a entrada tómalle o pelo:

-Vaia coche levas! -dille-. Que é? Un Rolls-Royce?

-Podes comer con patacas todos os teus Rolls-Royces -responde Bill- e os teus Jumbos e os teus Airbuses. Pódese saber onde vos meterades todos os policías o día que a pequena apisoadora acabou coa famosa banda da Man Negra?

A Man Negra era unha banda de contrabandistas. Precisamente utilizaban unha man negra como marca secreta.


Cómpre explicar que todo aquel que chega a Londres en avión ten que abrir a maleta e amosarles aos alfandegueiros que non leva ouro nin diamantes nin nada de moito valor que mercase no estranxeiro. Mesmo algúns selos de correos poden ser moi valiosos.

Pero os contrabandistas levan petos secretos cosidos na roupa, e ás veces agochan billetes de banco entre as páxinas dun libro, ou teñen maletíns con dobre fondo que, se se abren, aparece...

-Pódese saber que é isto...? -preguntan daquela os alfandegueiros.



Os contrabandistas da banda da Man Negra eran os peores e os más listos de todos. Cando se escribían cartas uns aos outros usaban un código secreto como este. Sodes quen de des-cifralo?





Quere dicir: «O botín está no barco. Martes 8 prevista chegada».

Esta carta é só un exemplo para que comprendades as malas artes que empregaban aqueles pillabáns, pero non pertence a esta historia, senón a outra. A nosa comeza... un Nadal moi frío. A pequena apisoadora estaba traballando de firme para manter a estrada do aeroporto en boas condicións. Devecía por que chegase dunha vez o día de Nadal. A pobre só ten vacacións no Nadal, na Pascua, o primeiro de maio e o 15 de agosto.

E ademais, o 15 de agosto en Londres sempre chove.

Naquel intre estaba a soñar co acivro, co visgo, coa árbore... e os anacos de carbón que Bill envolvería para ela en preciosos papeis de agasallo. Que ben estaría na casa, fumegando o día enteiro sen ter que traballar nas estradas xeadas!

A pequena apisoadora non sabía nada da banda da Man Negra. Todos os seus pensamentos estaban postos no Nadal, e o que me-

nos podía imaxinar era que, a milleiros de quilómetros de distancia, baixo o caloroso sol de África, King e Scott argallaban un sinistro plan.

-Avisaches a banda?



-Tes que coller o avión desta noite. Estarás na casa para o Nadal. Todo está amañado.

Scott era o contrabandista más malvado da banda, pero King era o más arteiro de todos.

